



Historias de vida: Entrevista a Esther Nuñez, traballadora da conserva

Lino Prieto (de "Amigos da Dorna Meca")

Foto: Lino Prieto

A señora Esther recíbenos na súa casa cunha coidadosa amabilidade e poñendo moito empeño en que sentemos comodamente antes de ela mesma tomar asiento. Ten sobre a mesa, agardando por nós, a súa colección de fotos. Co seu falar pausado transmite tranquilidade, ao mesmo tempo que un coñecemento que somentes cos anos se pode adquirir. Dos anos vividos, do traballo na conserva e outras fatigas, de barcos e xentes nos foi falando nesta tarde de sábado.



Traballadoras de Conservas Yago portando a Virxe da Caridade na Proceción de Corpus de Ogrobe

¿Cando naceu, se se pode preguntar...?

- No ano 1931, o 3 de febreiro. Nacín en Lordelo¹, nunha casa da miña bisavoa Victoria Goday e despois

truxéronme para Laxiela, de tres anos, para unha casa de alquiler.

O apelido da súa bisavoa semella dos cataláns que tiñan almacéns de salga.

- Pois vouche dicir que viñeron moitos de Cataluña p' aquí co das salazóns, pero eu creo que os meus tataravós foron dos primeiros. Eles tiñan a salazón da Barcelona, en San Vicente. A min dixéronme que a miña bisavoa collera en herencia 12 dornas cos seus aparellos, creo que do xeito, pero como o home, o meu bisavó, era de labranza, venderon as dornas para comprar terras.

Voltemos á súa infancia. ¿Até que anos foi á escola?

- Pois fun á escola ata dez anos, e para aqueles tempos aínda fun moitos anos. Fun á escola de O Con. A primeira maestra foi Doña Laura, a muller de Luís Casais, o médico. Despois veu p' alí unha que se chamaba María Estela e que era viúva de guerra². Despois fun dous anos e piques a aprender a coser, pero deixín porque alí non pagaban chica e como cartos non había, había que buscar choio por outro lado.

E entón comezou a traballar na conserva...

- Si, ós trece anos fun para a fábrica de Rons, a de Alain Thenaisie. Cando eu fun para alí xa non había ninguén da miña familia, pero o meu avó foi mecánico

¹Lordelo é un barrio mariñeiro de Ogrobe, vila onde a entrevistada viviu sempre, ate hoxe. Tamén son lugares do concello de Ogrobe outros que se citan ao longo da entrevista: Laxiela, Rons, San Vicente, O Con, etc.

²Viúva por mor da Guerra Civil española (1936-1939).



e encargado desa fábrica. Despois mandárono para Póvoa de Varzim, porque aquí houbo dez anos sin sardiña e Thenaisie fixo unha fábrica en Portugal. Meu avó estivo vintecinco anos alí.

En Rons eu facía de axudanta, iba a descargar peixe e marisco con caixas na cabeza... Todo viña por mar, alí no muelle de Rons. Tamén emparrillaba³. Nos dous anos que estiven alí, todo era sardiña.

Estamos a falar dos anos 44 e 45. Eses foron anos difíciles ¿non?

- ¿Sabes canto cobraba eu ao día? Catorce reales; ti non te acordas dos reales, pero eso eran 3 pesetas con cincuenta céntimos⁴ e un quilo de pan de millo valía once pesetas e aceite non o había, valía vinte pesos un litro de aceite. Eu tiña que traballar tres días e piques para un quilo de pan de millo, eu e mais todo o mundo...

E despois cambiou de fábrica...

- Si, fun para a fábrica de Escuredo, “Conservas Yago”, porque pagaban algo máis, aínda que a min en Rons tratábanme ben. Na de Escuredo estiven desde 1945 ata 1970 e pasei por todos os postos da fábrica. Fun axudanta; estiven no troquel, que recortaba as tapas; no cilindro, que era para darlles forma; na tixeira; fun soldadora, empacadora... todos os servizos da fábrica.

¿Que produtos enlataban?



A antiga nave de Conservas Yago na actualidade. Foto: Lino Prieto

- Alí traballábam os marisco para os tratos da empresa e mais traballábam para a Intendencia Militar; era a mercancía para comer os soldados. Para a “intendencia” facíamos en conserva lacón con grelos, chícharos con ovos cocidos, congrio con tomate... O que non sei se era para a “intendencia” era a palometa en aceite e a palometa con tomate.

No tempo da posguerra, cando había pouco aceite, facíase a sardiña rebigote, cocían carne e osos de terneira e o jugo botábanllo á sardiña cunhas rodellas de cenoura. Tamén se conservaban lampreas, xibas, ¡da ría, eh!, con salsa, e bonito e sardiña... Jaime Ubago, un xenro de Escuredo, facía uns tubos con pasta de anchoa, moi ben preparado, a metade manteiga e a metade anchoa. Penso que non houbo outra fábrica que o fixera, pedíanlle mercancía con todo natural.

¿Non traballaban mexillón?

- Non, daquela non había mexillón, bueno, non se traballou de momento. Foi máis tarde, porque daquela aínda non había bateas.

¿Cando e por que deixou de ir á fábrica?

- Traballín vintecinco anos, ata o 1970 e deixino porque quería ver se había mellor choio, porque daquela eu xa gañaba 200 pesetas por día. Pasei de 4 pesetas a 200. ¡A ver se non era unha fortuna!. Pero eu quería mellorar e ademais non tiña moita saúde para seguir na fábrica.

¿Observou moitas transformacións no sector conserveiro neses anos?

- ¡Home, claro!, mellorouse nas máquinas e en todo. En Rons tiñan un motor para dar electricidade a todo, co tempo eso acabou. Despois veu a “Metalgráfica”, que estaba en Vilagarcía e xa non houbo que facer as latas...; os cartóns para as caixas, que antes facíamolas aquí de madeira...

¿Traballou noutros labores que tivesen que ver co mar?

- Ía á seca, os domingos e mais os sábados, cando non había choio. Daquela non había días festivos. Non

³A sardiña limpa colocábase en grellas, torrábase, recurtábase, empacábase na lata e cubríase de aceite.

⁴Como explica a Sra. Esther, un real (ral) eran 25 cts. de peseta. E unha chica, á que alude con anterioridade, 5 cts. de peseta.



Traballadoras de Conservas Yago nunha celebración na fábrica

Durante un pouco tempo tamén andivo ó golfe, porque unha tía de miña nai, a Tía Sofía, pagaba 50 pesetas por unha dorna a plan. Había que ir cortalo cunha fozagata ás pedras do mar coa marea moi baixa. Despois botábano a secar e metíano en sacos para mandar a un laboratorio da Coruña.

¿Tamén casou cun mariñeiro?

- No ano 1955. Aínda non tiña 25 anos, pero estaba cerca. Foi en novembro e en febreiro xa cumpría os 25. Casínme cun mariñeiro; foron os pretendentes que tiven, eran todos mariñeiros.

había un paúlo⁵ no monte, aquí bariámolo todo, nin unha silveira nin un toxo, non había nada (risas). Tamén calcetaba e por facerlle unha chaqueta a unha muller cobráballe 50 pesetas e botaba un mes a traballar. Tamén fixen colares⁶... á cuncha ía ó Carreiro, pola Mexiloeira, ó Con Negro e ás praias de por aí, aínda que estes choios non me caía moi ben facelos.

Vaiamos agora coa familia. ¿Seu pai era mariñeiro?

- Ao principio non, era electricista. Era de Cambados. Viñera para aquí a poñer o tendido eléctrico de San Vicente, que alá aínda non tiñan, e no Grove casouse e fíxose mariñeiro. Na súa familia eran labradores, aínda que tamén tiñan un barco, un balandro, para ir coller balumada⁷; viñan aquí ás praias a coller golfe, correas, verdellos... Ao principio meu pai anduvo de tripulante e despois fixo unha dorna para el. A dorna “Esther”, anduvo á liña, co mediomundo para as señoritas⁸, anduvo coas nasas das lagostas e das nocras e anduvo, tamén, un pouco de tempo, ao xeito. De cincuenta anos para diante a dorna “Esther” éralle moi pesada e comprou unha máis pequena, a “Lola”, e ó final volveu ser tripulante.

Parece que non lle gustasen os mariñeiros...

- Home, eu quería un home con oficio de terra, pero... Viñen nunha época moi mala, e coma min moitos, que non nacín eu soa daquela... Tamén eu fun á fábrica e non tiña outro oficio...



Hermenegildo Núñez, pai da Sra. Esther, coa súa filla Pastora, na “motorá” que facía a liña Ogrobe-Cambados

⁵Paúlo: Faísca, candeia, folla do piñeiro que se utilizaba para facer lume na cociña e para cama do gando.

⁶Colares de cunchas que se vendían aos turistas, sobre todo, na Illa de A Toxa.

⁷Balumada: nome que se lle dá en Ogrobe ás algas que serven como esterco.

⁸Señoritas: nome que se lle dá en Ogrobe ao peixe chamado *xulia*, *xuliana* ou *doncela* (*Coris julis*).



Chamábase Ricardo. Na súa casa, cando el e os seus irmáns foron maiores, tiñan dúas dornas para ir á rape-ta. Foi para o mar aos oito anos. Primeiro andaba á rapeta co pai, despois andivo de tripulante nun bote coas nasas da lagosta, ían a remos ata A Guarda. Fíxose patrón de casado, porque Ricardo era intelixente pero non pudo ir á escola. Aprendeu a ler no servizo militar, en Guinea. Cando se estaba a preparar para o exame de patrón, el preguntáballe aos que xa tiñan o título as cousas e anotábamolo nunha libreta e eu polas noites íballe lendo as cousas do exame.

¿Que cousas?

- As marcas das pedras, os faros: O Sinal, As Lobeiras, Os Mesos, Con de Fora⁹... E el ía aprendendo de memoria e despois foi a Vilagarcía e saleu patrón.

¿Sempre andou ó mar pola Ría?

- Non, despois marchou á Coruña e a Perlío para embarcar. Primeiro andivo nun barco de madeira en

Terranova. Despois os barcos eran de ferro e tamén foi a Groenlandia. Cada viaxe eran once meses.

Despois cambiou para a mercante, primeiro en Holanda e logo en Alemaña. Na “Hapag-Lloyd” estivo moitos anos, en barcos mercantes de todo tipo, ata andivo nun barco nuclear e noutro que tiña seis plantas, un barco enorme. Eu fun visitalo e fun con el en ese barco de pasaxe polo río, de Haamburgo a Bremen, por alí ía moi ben (con sorna) ... como todo estaba en calma...

Recorreu o mundo enteiro. Escribinlle cartas a Australia, a Borneo, á China, a Brasil ... Alí en Belém ardeu o barco e os tripulantes salvárono. A Ricardo regaláronlle un reloxo.

Cando volveu para Ogrobe volveu traballar na baixura.

Xa rematamos, Sra. Esther. ¿Quere dicir algo de despedida?

- Que o mundo mellorou moito daqueles tempos a estes. Pero non sei se a mocidade está preparada se volven os tempos de antes.



Ricardo Rey, marido da Sra. Esther en Terranova, con outros mariñeiros galegos

⁹Alguns dos faros existentes na Ría de Arousa.